



Pórtico
do Paraíso

XVII Festival Internacional de Música



TRADUCCIÓN

Beatriz Varandas / Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS

Beatriz Varandas

TEXTOS SALAS

Antonia García

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Miguel Chaler Publicidad

IMPRESIÓN

Imprenta da Deputación Provincial

DEPÓSITO LEGAL

OU ??-???



Pórtico
do Paraíso

XVII Festival Internacional de Música

do **3** ao **12** de maio de **2024**

Inaugura esta nova edición do festival **Cantoría**, o entusiasta cuarteto vocal barcelonés especializado na polifonía vocal do Renacemento Ibérico, que ademais de ser un absoluto referente no Estado español, ano tras ano está a afianzar unha moi sólida carreira internacional en importantes festivais de Europa e USA. Será o seu primeiro concerto en Galicia e farao no magnífico palacio renacentista de Oca-Sarmiento, sede do Liceo de Ourense, cantando pezas do renacemento hispánico.

No primeiro concerto na provincia, imos ao castelo de Castro Caldelas -novo escenario- para nos mergullar na famosa historia do cabaleiro Tristán, cantada en galego-portugués sobre manuscritos dos séculos XII e XIII por **Paulina Ceremužeńska**, especialista no repertorio das cantigas de amor e amigo medievais galegas. Acompañaa coa arpa románica o santiagués **Manuel Vilas**, o arpista histórico de maior prestixio do panorama nacional da actualidade.

No ecuador do Festival, un concerto divulgativo que rompe as fronteiras entre a música clásica e o mundo actual. Os galegos **Antón Seijas** (clarinete), **Diego Segade** (viola) e **Andrea Vilar** (piano) propóñennos **Música y Memes**, un orixinal concerto no que através do trío K. 498 de Mozart se propoñen explicacións sobre o sentido da música en forma de memes de internet. Ademais, cunha plataforma en tempo real e através de smartphones, a audiencia participa e toma decisións activas sobre o que sucede no escenario.

O galardoado acordeonista serbio **Miloš Milivojević** é o protagonista do noso cuarto concerto, na capela de santo Anxo. No seu programa poderemos escoitar dende música barroca ata obras de autores vivos. Trátase dun programa moi variado e atractivo en que descubriremos a capacidade do acordeón como instrumento transcritor.

E chegamos ao peche con **Diabolus in musica**, grupo medieval de gran recoñecemento en Francia e centro de Europa, con máis de trinta anos de carreira e unha amplísima discografía. En formación de cuarteto, Diabolus in musica ofrecerá un suxestivo programa con baladas e danzas italianas do século XIV no poñente mosteiro de Oseira.

Aproveitando a súa presenza na cidade, tanto Cantoría coma Miloš Milivojević pasarán polo Conservatorio de Ourense para compartir coñecementos co alumnado nos habituais "Encontros" do Festival.

Unha nova aposta. Distina. Persoal. E como non, ecléctica. O Pórtico xa está aquí. A gozar.

Un ano máis, e xa van dezasete, a música de altura e calidade voltará a soar para deleite das persoas que gozan da Cultura. Porque o Festival Pórtico do Paraíso non é só un conxunto de músicos e artistas de renome internacional. É moito máis: é amor á arte, ao patrimonio e á provincia.

Este evento, ben consolidado na axenda cultural de Ourense e cunha traxectoria sempre prometedora, busca a valorización de grandes monumentos da nosa provincia a través da linguaxe única da música. Así, ofrecerá do 3 ao 12 de maio cinco concertos de músicos procedentes de Polonia, Serbia, Francia, España e Galicia. Nesta edición estréase como escenario o castelo de Castro Caldelas, que se suma ao mosteiro de Santa María de Oseira e á capela de Santo Ángel, o Teatro Principal e o Liceo en Ourense.

A súa dimensión provincial promove que a Deputación brinde o seu apoio firme a un festival que xa conta con recoñecementos internacionais, como é o caso da Effe Label 2022-2023 que sinala os mellores certames de Europa. Porque desde Ourense sabemos facer as cousas con excelencia e amosámolo con orgullo. Desde logo, os meus parabéns á organización do Pórtico do Paraíso polo traballo ben feito a prol da cultura e da nosa provincia. E tamén por saber divulgalo e implicar o ámbito educativo, pois non quero esquecer que o Conservatorio de Música de Ourense terá un protagonismo destacado na edición deste ano.

Sen dúbida, iniciativas sorprendentes en espazos inigualables. Por iso convido a todas as persoas que viven con paixón a cultura a que non deixen pasar esta oportunidade única de vivir unha experiencia que enriquecerá o espírito e deleitará os sentidos como poucas son capaces de logralo. Como ben dicía Hoffmann (1776-1822): “A música empeza onde acaba a linguaxe”.

Moitos éxitos para esta 17ª edición.





con alma



J. Rebolledo

JOAQUÍN REBOLLEDO

www.joaquinrebolledo.com

San Roque 11 A Rúa Ourense Galicia España
Tlfn. 988 372 307 Fax. 988 371 427

Cuarteto vocal
(España)

CANTORÍA

[Venres, 3 de maio, 20:30 h]

[Liceo de Ourense]

Voz e arpa
(Polonia-Galicia)

PAULINA CEREMUZYNSKA e MANUEL VILAS

[Domingo, 5 de maio, 19:00 h]

[Castelo de Castro Caldelas]

Trío de clarinete, viola e piano
(Galicia)

MÚSICA Y MEMES

[Martes, 7 de maio, 20:00 h]

[Teatro Principal (Ourense)]

Acordeón
(Serbia)

MILOS MILIVOJEVIC

[Venres, 10 de maio, 20:30 h]

[Capela de Santo Anxo (Ourense)]

Voces, fídula, rabel e percusións
(Francia)

DIABOLUS IN MUSICA

[Domingo, 12 de maio, 19:00 h]

[Mosteiro de Santa María de Oseira (Cea)]



CANTORÍA

Cuarteto vocal (España) • [Venres, 3 de maio, 20:30h] • [Liceo de Ourense]

Jorge Losana
TENOR E DIRECTOR

Víctor Cruz
BAIXO

Inés Alonso
SOPRANO

Oriol Guimerà
ALTO

CANTORÍA

Cantoría é un conxunto vocal especializado na interpretación de polifonía vocal do Renacemento Ibérico. Foron seleccionados en EEEmerging (2018), programa europeo de cooperación para o fomento de *ensembles* emerxentes, onde obtiveron o Audience Prize e onde foron escollidos para seguiren formando parte do programa ata a actualidade. Tamén enriqueceron a súa experiencia coa participación en residencias artísticas de Citeina da Voix de Vézelay (2018), Ghislirimusica de Pavía (2019) ou en proxectos como MusaE (2018 e 2019), do Ministerio de Cultura e Deporte, ou o reputado circuíto FestClásica (2019), da Asociación Española de Festivales de Música Clásica ou EXCENARIO, o catálogo musical da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) (2020, 2021).

Nacido no seo da ESMUC (Barcelona), Cantoría toma forma no ECOS Festival de Música Antigua Sierra Espuña (Región de Murcia) durante o verán de 2016. A formación vocal, dirixida por Jorge Losana, comeza a aliñar a súa traxectoria coa participación en festivais como a International Young Artist 's Presentation de Anveres (2017), a edición *fringe* do MA Early Music Festival de Bruxas (2017), a edición *fringe* do festival Oude Muziek de Utrecht (2017 e 2018) ou o festival dixital de REMA (Réseau Européen de Musique Ancienne), no Early Music Day 2021, onde foron convidados a participar grazas ao descubrimento do inédito *Manuscrito de Totana*, recuperado polo *ensemble*.

As súas actuacións nos recintos do Museo del Prado e o Auditori de Barcelona supoñen unha liña de continuidade respecto ás presentacións anteriores noutras institucións destacadas como a Biblioteca de Catalunya (BNC) ou a Biblioteca Nacional de España (BNE), así como as súas recentes actuacións en festivais internacionais como A Cappella International Festival For Vogal Music Leipzig (Alemaña), Félix Urban Festival (Alemaña) ou Festival d'Ambronay - Centre Culturel de Rencontre (Francia).

Actualmente, Cantoría conta tamén co apoio de Acción Cultural Española, do Instituto Nacional de Artes Escénicas y de la Música (INAEM) e o Instituto de las Industrias Culturales y las Artes de Murcia (ICA).



PROGRAMA

(60 min)

Lenguas Malas

Música vocal do Renacemento hispánico

Gloria... pues naçió

Mateo Flecha "El Viejo" (?), (1481-1553),
Cancionero de Barcelona

Riu riu chiu

Mateo Flecha "El Viejo",
Cancionero de Uppsala

Verbum caro factum est

Mateo Flecha "El Viejo",
Cancionero de Uppsala

Yo me soy la morenica

Anónimo,
Cancionero de Uppsala

El fuego

Mateo Flecha "El Viejo",
Cancionero de Medinaceli

Pase el agoa

Anónimo,
Cancionero Musical de Palacio

Dindirindin

Anónimo,
Cancionero Musical de Palacio

¡Cucú, cucú!

Juan del Encina (1468-1529)
Cancionero Musical de Palacio

La Justa (fragmentos)

Mateo Flecha "El Viejo",
Las ensaladas de Flecha

Que farem del pobre Joan

Mateo Flecha "El Viejo",
Cancionero de Uppsala

Teresica hermana

Mateo Flecha "El Viejo",
Cancionero de Uppsala

Corten espadas afiladas

Anónimo,
Cancionero de Medinaceli

La Bomba (fragmentos)

Mateo Flecha "El Viejo",
Las ensaladas de Flecha



PAZO DOS OCA SARMIENTO – LICEO DE OURENSE


No século XVI a cidade de Ourense comeza a desenvolverse. O cabido e o corrixidor patrocinan a construción de edificios administrativos que se engaden ás novas edificacións residenciais da xerarquía eclesiástica e familias importantes. Estas novas casas-pazo érguense nas proximidades da catedral, principalmente ao norte da vila. Os Oca Sarmiento aséntanse en Ourense a finais do século XV e constrúen, entre o 1500 e o 1525, a súa casa na rúa Nova, que era unha das vías polas que a cidade medieval empezaba a se desbordar.

No ano 1863 neste edificio instálase o Liceo Recreo Orensano. Unha nacente sociedade urbana está xurdindo nun Ourense que na primeira metade do século XIX aínda carecía de luz eléctrica. Unha burguesía con inqedanzas promove a creación de asociacións culturais que pretenden impulsar o desenvolvemento urbano e educar a poboación. Neste contexto un grupo de artesáns e profesores funda no ano 1850 o Recreo de Artesanos de Orense. Tras diferentes localizacións, establécense neste inmoible en 1870.

Da antiga distribución do pazo pouco queda. En sucesivas ampliacións elimináronse os cuartos, a cociña, a bodega e todos os elementos propios dunha vivenda do século XVI. Queda da edificación orixinal a fachada de dúas plantas con portada sinxela e catro balcóns que dan á rúa. Tamén se mantén do pazo primitivo o patio renacentista, antigamente sen cubrir, que articula o espazo ao seu arredor e que é o protagonista da construción. Os dous pisos orixinais están separados por unha arquitrabe sostida por columnas poligonais na parte baixa, que no primeiro corpo son de fuste cilíndrico. Os capiteis son xeométricos e, a xeito de decoración, colócanse nos ángulos escudos coas armas da familia e unha pétrea cadea labrada que percorre todo o patio á maneira de friso. Os murais que decoran a planta inferior son do século XIX de gusto folclorista e rexionalista propio da época.

O Liceo foi ata ben entrado o século XX o centro vital do Ourense cultural e social. Ciclos de conferencias, lecturas poéticas, concertos; personaxes da cultura ourensá, galega, española; acontecementos e recordos que contribúen a crear a atmosfera cálida que aínda conserva o inqueda espírito alentador daquela época.

En Federópticos
Óptica Moderna
cuidamos un año más
tu salud visual y auditiva,
para que puedas seguir
emocionándote con
Pórtico do Paraíso.



Reserva tu cita en nuestro teléfono: **988 21 08 42** y visítanos en: **Rúa Papa Juan XXIII, 3 Galería, Local 1. Ourense**

CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DE OURENSE

ENCONTRO
CO GRUPO VOCAL

CANTORÍA

Xoves 2 de marzo

ENCONTRO
CO ACORDEONISTA

**MILOŠ
MILIVOJEVIĆ**

Xoves 9 de marzo

Paulina Ceremuzynska

Voz
(Polonia)



Manuel Vilas

Arpa
(Galicia)



[Domingo, 5 de maio, 19:00h] • [Castelo de Castro Caldelas]

PAULINA CEREMUZYNSKA

Paulina Ceremużyńska estudou interpretación de música medieval con Katarina Livljanic e Benjamin Bagby na Université de Paris - La Sorbonne e Musicoloxía na Universidade de Varsovia. Perfeccionou a técnica vocal con Mercedes Hernández e Richard Levitt. Participou en varios stages dirixidos por Guillemette Laurens.

En 2004 obtén no Centro Ramón Piñeiro unha bolsa para un proxecto de transcrición e interpretación das sete cantigas de amor do rei Don Dinis que se acababan de descubrir. Froito deste traballo é o disco *Cantigas de amor e de amigo*, a segunda gravación mundial deste repertorio, onde investiga, dirixe e canta. En 2008 edita o disco-libro *E moiro-me d'amor*, que dedica á reconstrución do extenso repertorio das cantigas de amigo medievais galegas que se conservan sen a música orixinal.

No 2008 funda o Grupo de Música Antiga Meendinho, co que se presenta nos festivais Via Stellae e Espazos Sonoros. Como solista é invitada tamén por outros grupos de música antiga: canta co grupo Malandança, dirixido por Francisco Luengo, e co grupo Ars Longa de La Habana (Cuba).

No 2013 Paulina Ceremużyńska obtén unha bolsa do Ministerio de Cultura de Polonia, que lle permite realizar a investigación para o novo proxecto sobre as “Melodías para o Salterio Polaco” de Mikołaj Gomółka. No 2015 rexistra, en colaboración con Fernando Reyes, un CD con este repertorio, intitulado *Audite Gentes! Salmos do Século de Ouro* (coproducido pola Radio Nacional Polaca).

No 2022 realiza unha gravación completa das cantigas de amigo de Martin Codax, xunto con Fernando Reyes (cítola), para o Concello de Redondela e a editorial Galaxia.

No ámbito pedagóxico, imparte cursos dedicados á temática das cantigas galego-portuguesas: no 2016, no Festival de Saint Bertrand de Comminges, é asistente de Guillemette Laurens durante o stage dedicado ás Cantigas de Santa María. En 2017 dá un curso sobre a mesma temática en Santiago de Compostela a cantantes japoneses, e en 2019 é invitada para dar unha masterclass sobre As Cantigas de Santa María no Conservatoire Régional de París (Francia).

MANUEL VILAS

Nace en Santiago de Compostela, onde comeza os estudos musicais. Estuda arpas antigas dos séculos XII ao XVIII en Madrid con Nuria Llopis e en Milán con Mara Galassi. Colaborou con numerosos grupos de música antiga nos máis importantes festivais de España, Alemaña, Cuba, USA, Ecuador, República checa, Paraguay, Austria, Portugal, Uruguay, Suíza, Francia, Bolivia, Bélxica, Argentina, Noruega, Italia, Chile, Colombia, Hungría e Holanda. Tamén realizou concertos como solista con programas centrados na música barroca ibérica, americana e italiana, ademais de conferencias, cursos e masterclass por diferentes países. Colaborou como acompañante e como solista en máis de 100 discos con diversas discográficas.

Foi invitado polo Festival de Flanders (Bélxica) e o Conservatorio da Haia (Holanda) para impartir masterclasses sobre arpas antigas ibéricas. En 2007 funda o *ensemble* Ars Atlantica, que se presenta no festival Via Stellae (Santiago de Compostela) coa estrea en tempos modernos das cantatas procedentes do pazo que a familia Contarini tiña cerca de Venecia.

Manuel Vilas é pioneiro no estudo e investigación de certos tipos de arpas hoxe totalmente esquecidas, como a arpa xesuítica chiquitana (Bolivia, século XVIII), a arpa dobre da coroa de Aragón do século XIV e acaba de presentar no Festival de Música y Musicología iberoamericana (Montevideo, Uruguay) o estudo sobre a arpa do vicerreinado do Perú e a reprodución da *arpa de Santiago Apóstol* de Huachacalla (Oruro, Bolivia, século XVIII).

Vilas foi invitado a representar a España no VI Festival Mundial de Arpa da cidade de Asunción (Paraguay), polo que se converteu no primeiro arpista en ofrecer un recital de arpa de dúas ordes neste país. Posúe unha canle de youtube de seu, onde se pode ver e escoitar parte do seu proxecto audiovisual que amosa diversas arpas antigas en diferentes localizacións de Santiago de Compostela (ArpaManuelVilas). Foi profesor de arpa medieval e renacentista nos Cursos de música medieval de Morella (Castellón) e actualmente é profesor de arpa medieval no Centro Internacional de Música Medieval de La Valldigna (Valencia). Tamén colabora asiduamente na Escuela de Música Medieval y tradición oral de la ILE (Madrid).

PROGRAMA

(60 min)

Don Tristán en Hispania

Intro:

Amor, des que m' a vos cheguei – lai de Bretanha
(contraf. de ms. Vienne 2542)

A Batalla contra Marot

1. O Marot aja mal grado – lai de Bretanha
(contraf. da CSM 140)
2. Apres chou que je vi victoire – lai de ms. Vienne 2542
3. Ledas sejamogemais – lai de Bretanha
(contraf. de ms Vienne 2542)

Don Tristán viaxa ao alén

4. O, adiutor omnium seculorum – antifona do *Códice Calixtino*
5. Tal vai o meu amigo – cantiga de amigo de Pero Meogo
(contraf. do *Códice Calixtino*)

A poción amorosa

6. La u jou fui dedans la mer – lai de ms. Vienne 2542
7. Vou -m'eu, fremosa, pera l'rei – Pedro Anes Solaz
(contraf. de ms Vienne 2542)

Amor baixo o verde piñeiro

8. Don Amor, eu cant' e choro – lai de Bretanha
(contraf. de ms Vienne 2542)
9. Vous arez la druerie – ballada anónima, Francia, s. XIII
10. O anel do meu amigo – cantiga de Pero Gonçalves de Portocarreiro
(contraf. da CSM 160)

A separación – Don Tristán en Bretaña

11. Mui gran temp' a, par Deus – lai de Bretanha
(contraf. de ms Vienne 2542)
12. Vej'eu mui ben que por amor – cantiga de João Airas de Santiago
(contraf. de ms Vienne 2542)

A morte dos amantes

13. Li solaus luist et clers et biaux – lai de ms. Vienne 2542
14. Já fis canchonnetes et lais – lai de Tristan de ms. Vienne 2542 e Mia señor
fremosa – cantiga de Nuno Anes Cerzeo



CASTELO DE CASTRO CALDELAS

Os restos de dúas necrópoles megalíticas de polo menos 4.500 anos avalan a existencia dun asentamento prerromano onde agora se levanta o castelo de Castro Caldelas. Con posterioridade, o lugar convértese nun polo económico importante cando se establece alí o campamento romano encargado da custodia da vía de Astorga a Braga que conectaba coa de Chaves a Lugo.

Afonso IX concede as terras de Caldelas a Pedro Fernández de Castro, señor de Lemos e Sarria, quen entre os anos 1336 e 1343 constrúe a torre da Homenaxe e as murallas da vila. No ano 1467, na Revolta Irmandiña, o castelo foi parcialmente derrubado polos sublevados e Pedro Álvarez Osorio, I conde de Lemos, como castigo, obrigou o pobo rebelde a reparalo. A reconstrución, que rematou no ano 1560, alterou o carácter defensivo do edificio e conferiulle un aspecto palaciano.

Asentada no cume da cúña, a fortaleza mostra planta poligonal cunha dobre muralla de gran grosor. A parte máis antiga do conxunto, ademais da máis famosa, é a Torre do Reloxo, instrumento que preserva aínda a maquinaria orixinal do século XIX. É unha das tres atalaias que se erguen na muralla exterior do castelo e foi destruída parcialmente durante a Revolta Irmandiña.

No recinto interior a máis antiga das dúas torres cuadrangulares é a torre da Homenaxe que defende a porta principal e presenta tres pisos con varias estancias e unha terraza. Este espazo adquire, coa reforma do século XVI, un carácter residencial ao conectar as dúas torres cun corpo en que se abriron fiestras con parladoiros, un salón e un corredor. A través dunha entrada na cara norte ingrésase no patio de armas, no corazón do castelo, que conserva o forno, o alxibe e unha escaleira que sobe ao paseo de rolda da muralla interior.

No ano 1794 o condado pasa á casa de Alba e, durante a guerra da Independencia, en 1809, a estrutura incéndiase e pérdense no sinistro todos os documentos históricos que alí se gardaban. A finais do século XX, os Alba ceden o castelo ao Concello, que decide convertelo nun centro cultural para o servizo de toda a comarca.

e-drive

AUTOESCUELA



Progreso, 161, Entresuelo, 32003 Ourense • Telf.: 988 21 35 03 • info@autoescuelaedrive.com

www.autoescuelaedrive.com



Dr. Karina Caeiro Parracía
ortodoncia e implantóloga

Dra. Beatriz Pintos Pérez
endodoncista-odontopediatra

Clínica dental Parracía

Implantes


Ortodoncia autoligable

Alineadores invisibles

Endodoncias

Odontología general

Niños



Búscanos en la web

www.parracia.es

Nº de Registro Sanitario: C-32-000640



MÚSICA Y MEMES

Trío de clarinete, viola e piano (Galicia)

[Martes, 7 de maio, 20:00h] [Teatro Principal (Ourense)]



Diego Segade
VIOLA

Andrea Vilar
PIANO

Antón Seijas
CLARINETE

MÚSICA Y MEMES

Música y memes é un concerto que atende a un deber, para nós, inherente a todo intérprete de música clásica: reivindicar o valor deste xénero na actualidade. Partindo dunha rigorosa investigación semiótica, nesta proposta o público comprende o sentido musical a través de memes de internet, elementos de comunicación clave na era das redes sociais.

O discurso musical actualizado combínase coa interacción entre público e intérpretes mediante unha plataforma web en tempo real, facendo que os asistentes tomen parte activa no que sucede sobre o escenario. Tras o espectáculo, a reflexión: é a música clásica un xénero tan afastado do mundo actual? Pode esta música responder aos intereses e inquietudes do público de hoxe en día?

Música y memes orbita ao redor da interpretación do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart. A través desta obra propóñense explicacións sobre o sentido da música baseadas nunha previa análise de significado en clave operística. Estas aclaracións preséntanse en forma de memes de internet, facendo que a música de finais do século XVII se exprese en dinámicas e intereses actuais.

Este achegamento, orixinal, innovador, pero non por iso menos rigoroso, combínase con outro elemento crucial para o achegamento entre a música clásica e os oíntes: cunha plataforma en tempo real e a través dos *smartphones*, a audiencia participa e toma decisións activas sobre o que sucede no escenario. Ademais, o concerto tamén conta cunha obra creada a medida pola compositora Sofía Oriana, na que a música dos videomemes máis virais forma parte do discurso musical. Sen dúbida, unha experiencia que termina por rachar todas as barreiras entre a música clásica e o mundo que nos rodea.



TEATRO PRINCIPAL

Santiago Sáez Pastor decidiu construír na década de 1830 o Teatro Principal, na rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros. Ao parecer, foi unha especie de vinganza porque venderon o palco que el tiña reservado, nun día de función, no vello teatro.

Levantou o novo no lugar onde tiña a súa vivenda e o seu negocio, un banco. O edificio foi un pequeno teatro "á italiana", é dicir, cun patio de butacas e palco na planta baixa, tres pisos de palcos e escenario. O teito con decoración vexetal e xeométrica. A parte que daba á rúa tiña planta baixa, que era o vestíbulo do teatro, e catro alturas que se destinaban a vivendas.

Foi, durante bastantes anos, o único teatro público da cidade e o lugar de ocio máis selecto. Era o centro da vida social e cultural e nel houbo concertos, zarzuelas, obras teatrais, bailes, mitins,...O poeta Zorrilla leu os seus versos no Principal, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán participaron nun concurso literario e personaxes como Calvo Sotelo ou Gil Robles organizaron nel importantes actos políticos.

No 1912 o cine chega a Ourense e o Teatro Principal, tres anos despois, proxecta a súa primeira película, *Viva el Rey*, nunha sala remodelada e adaptada ás novas necesidades.

Na transición pechouse e estivo a piques de desaparecer. "Trátase de salvar o Principal" foi a consigna dun grupo encabezado por artistas, profesores, arquitectos e xente da vida pública ourensá, que logrou que a remodelación comezara a principios dos anos 80. O Teatro Principal reinaugurouse en 1992.

Musical González

dende 1978





Miloš Milivojević

Acordeón (Serbia)

[Venres, 10 de maio, 20:30h]
[Capela de Santo Anxo (Ourense)]

MILOŠ MILIVOJEVIĆ

O acordeonista Miloš Milivojević foi descrito como “un furacán de invención imaxinativa” por Hilary Finch, do prestixioso diario *The Times*. Miloš gañou o primeiro premio en concursos internacionais de acordeón en Alemaña, Francia, Italia e Dinamarca. Foi bolseiro da Royal Academy of Music (Londres). Durante os estudos converteuse no primeiro acordeonista en gañar o RAM Club Prize, aberto a todos os instrumentistas da Royal, e foi o gañador do prestixioso Premio Derek Butler de Londres no Wigmore Hall, disputado por estudantes dos catro conservatorios da capital británica. Ao se graduar, Miloš recibiu o Premio Especial do Vicerreitor da Royal Academy of Music.

Miloš actuou en lugares como o Royal Albert Hall, Birmingham Symphony Hall, Sydney Opera House, Muziekgebouw, Wigmore Hall ou o Purcell Room. Participou en festivais do Reino Unido, Rusia, Eslovenia, Hungría, Italia, Islandia, Montenegro, España, Portugal, Países Baixos, Malta, Cuba, Australia e Nova Zelandia.

Ten colaborado con importantes compañías de ópera do Reino Unido, como a Opera North e Opera Holland Park. En 2022 participou no concerto que o compositor Danny Elfman realizou coa BBC Concert Orchestra no Wembley Arena de Londres, interpretando a banda sonora do clásico de Disney *The Nightmare Before Christmas*, obra de Elfman. Miloš tamén actuou cos London Mozart Players, Russian Virtuosi, London Sinfonietta, Filharmonika Orchestra e o Chroma Ensemble. En 2021 interpretou o *Doble Concierto* de Piazzolla coa Orchestra of the Swan e o guitarrista Craig Ogden e en 2022 o concerto para acordeón de Jonathan Dove *Northern Lights* coa St Paul’s Sinfonía.

As súas interpretacións retransmitíronse na BBC Radio, Classic FM, ABC e na Radio Televisión Nacional de Serbia. Miloš é membro do London Tango Quintet, Kosmos Ensemble, AccordDuo e do grupo balcánico Paprika.

No 2014 foi nomeado Membro Asociado da Royal Academy of Music pola súa contribución á música. É ademais Membro Externo do Royal Conservatoire of Scotland. É artista oficial e toca exclusivamente con Pignini Accordions. O seu CD debut en solitario *Accord for Life*, está dispoñible na compañía discográfica Nimbus.

PROGRAMA

Parte I (40 min)

Five Views on Country Gulag

Viktor Vlasov (1936-)

A Zone

A Stage

Thieves

Wood-cutting area

Criminal Authority and Creep

Ich ruf zu dir, Herr Jesu Christ BWV 639

Johann Sebastian Bach (1685 - 1750)

Sonata en Re menor K.1

Sonata en Fa maior K.44

Domenico Scarlatti (1685-1757)

Coral e Variacións da Sonata para órgano en Re menor, Op.65, No.6

Félix Mendelssohn (1809-1847)

Parte II (40 min)

Don Rhapsody No.2

Viacheslav Semenov (1946-)

Autumnal Sceneries

Anatoly Kussyakov (1945-2007)

Autumnal Reveries

Autumnal Leaf Fall

Soirée Mood

Forgotten Chimes

Cranes

Wind Dance

Interieur

Franck Angelis (1963-)

Asturias

Isaac Albéniz (1860 - 1909)

Introducción e Tarantella, Op.43

Pablo de Sarasate (1844-1908)



A CAPELA DE SANTO ANXO

No ano 1918 Ángela Santamarina de Temes, marquesa de Atalaya Bermeja, encarga a Daniel Vázquez Gulías unha igrexa e un edificio anexo nun soar do que hoxe é o barrio do Couto. Polo camiño, o proxecto ampliouse e deu lugar a un asilo en réxime de internado para nenas pobres e orfas.

O arquitecto fixera xa por estas datas algúns dos edificios máis importantes da cidade, e Dona Angela, pola súa banda, era o centro da vida social e cultural de Ourense nos primeiros trinta anos do século XX. Ademais, a folgada posición económica do seu pai, emigrante en Arxentina, permitiulle colaborar como benfeitora en diversas obras de caridade.

A igrexa forma parte dun conxunto amurallado no que se erixiría tamén o museo para albergar a colección de arte familiar. Inaugurouse no ano 1925 e é de estilo neomedieval, tan en voga na época. Consta dunha soa nave cuberta por catro bóvedas de cruceira con clave ornamentada e remata nunha ábsida. Ao exterior está reforzada con contrafortes. A fachada ten unha soa torre e está flanqueada por dúas ás adornadas con pináculos que lle dan ao conxunto gran verticalidade e lixeireza. As 23 vidreiras que cobren os muros da capela están elaboradas segundo o deseño de Jesús Soria, un artista asturiano residente en Ourense. A decoración arquitectónica e vexetal que as adorna enmarca imaxes de santos e escenas da vida de Cristo e María, e cada unha delas remátase con escudos familiares.

No interior, tres sepulcros que albergan os restos da marquesa, do seu marido Isidoro Temes e da súa tía Dolores Santamarina, viúva de Varela, que é obra do escultor cambadés Francisco Asorey. Realizado en mármore, representa o momento da morte e destaca polo gran realismo do rostro da dona vestida con hábito franciscano. No relevo, que representa a Cristo crucificado, aparecen tamén imaxes de mendigos que fan notar a preocupación polas obras de caridade da defunta.

Na actualidade, o conxunto segue a ser propiedade da Fundación creada pola marquesa.

DIABOLUS IN MUSICA

Voces, fídula, rabel
e percusións (Francia)

[Domingo, 12 de maio, 19:00h] [Mosteiro de Santa María de Oseira (Cea)]



Nicolas Sansarlat
FÍDULA E RABEL



Axelle Bernage
VOZ



Olivier Germond
VOZ



Bruno Caillat
PERCUSIÓNS

DIABOLUS IN MUSICA

Dende 1992, o conxunto Diabolus in Musica explora o inmenso repertorio da música da Idade Media. Baixo a dirección artística de Nicolas Sansarlat dende 2022 e previamente dirixido durante case 30 anos por Antoine Guerber, os músicos de Diabolus nunca deixaron de compartir e resaltar con mestría a beleza dunha arte musical resplandecente e sempre sorprendente, a da música medieval.

Afín ao repertorio da escola de Notre-Dame e a dos *trouvères*, a vitalidade deste *ensemble* nótrese tanto do descubrimento de novas obras musicais coma das grandes páxinas do repertorio medieval. As numerosas colaboracións artísticas de Diabolus in Musica, a súa rica discografía e o seu recoñecemento en Francia e no estranxeiro convertéronos nun piar da música culta en Europa.

Asentado na cidade de Tours, capital do Val do Loira, o conxunto fai especial fincapé na importancia da divulgación da música medieval e da educación, e por iso son constantes as súas actuacións en centros educativos de toda Francia. Tamén lles encanta transmitir a paixón por esta música, a través dos seus concertos e tamén de veladas medievais temáticas - as *Medieval Happi Hour* - cun público moi receptivo e cada vez máis numeroso.

Diabolus in Musica recibe o apoio financeiro do *Ministère de la Culture / Drac Centre-Val de Loire, da Région Centre-Val de Loire*, tamén do *Conseil Départemental d'Indre-et-Loire* e do concello da cidade de Tours.

Nicolas SANSARLAT, director artístico

Violinista de formación, Nicolás Sansarlat descubriu a paixón pola música antiga a unha idade moi temperá. Estudou no CNR de Tours e posteriormente orquestración, análise, composición, danza e linguaxe musical renacentista con Olivier Trachier no CNSMD de París e Lyon, onde realizou un máster en violín barroco con Odile Edouard. Estudou tamén dirección de orquestra na ENMD de Evry con Nicolas Brochot.

Toca unha ampla gama de instrumentos, desde fídulas, rabel, lira de braccio e violíns ata frauta, tambor, gaita e óboe renacentista. Dirixe Diabolus in Musica dende 2022.



PROGRAMA

(60 min)

Amor mi fa cantar a la francescha **Baladas e estampidas italianas do século XIV**

Saltarello - Anónimo

Lucente STELLA – Anónimo

I' vo' bene a chi vol bene an me – Gherardello da Firenze, texto de Niccolò Soldanieri

Mille merçe, Amore – Guglielmus de Francia

Istanpitta Chominciamento di GIOIA – Anónimo

Che ti GIOVA NAscondere – Anónimo

Non so qual i' mi voglia – Lorenzo Masi, texto de Giovanni Boccaccio

Istampitta Tre fontane – Anónimo

Ochi dolenti mie – Francesco Landini

Dè, poni amor an me – Gherardello da Firenze

Per tropo fede – Anónimo

Amor mi fa cantar a la FRANCESCHA – Anónimo



MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA

No ano 1137 un grupo de monxes, atraídos pola vida eremítica de comunión con Deus, chegou ás concavidades da serra da Martiñá. A pequena comunidade ascética convértese no primeiro mosteiro en se incorporar en Galicia á orde do Císter de Claraual no 1141.

Oseira, nos séculos XII e XIII, vive o momento de maior esplendor grazas ás numerosas doazóns de reis e nobres. A través dos seus priorados e granxas, o mosteiro transfórmase nun foco colonizador importante. A situación estratéxica das súas posesións permítelle o autoabastecemento, e o crecemento da comunidade fai necesario a construción dun ambicioso conxunto monástico que se inicia coa edificación do templo, consagrado no ano 1239.

Grandiosa na súa sobriedade, a igrexa amosa a sinxeleza decorativa e o amor pola simplicidade e a austeridade cisterciense. As liñas limpas, a decoración vexetal contida, a luz que entra polas naves laterais animan ao recollemento e á oración. Comezada no ano 1185, ten planta de cruz latina con tres naves cubertas por bóvedas de canón en punta. Sobre o cruceiro, unha cúpula nervada e, na cabeceira, un deambulatorio que rodea o presbiterio enmarcado por columnas que acollen unha fermosa imaxe da Virxe do Leite en pedra policromada do século XIII. A igrexa conserva boa parte dos retablos barrocos, froito do empeño decorativo do século XVIII e, aos pés do templo, unha bóveda plana que sostén o coro alto.

Oseira empeza a perder influencia nos primeiros anos do século XVI e, no ano 1545, entra na Congregación de Castela. Pouco despois está a punto de desaparecer cando practicamente é destruída polo grande incendio de 1552. As obras de reconstrución levadas a cabo entre os séculos XVI e XVIII serán as que lle dean a Oseira o aspecto que agora coñecemos. A fachada do mosteiro, os tres claustros e diferentes dependencias para a comunidade, como o refectorio, proxectáronse nese momento. Abandonada no século XIX coa desamortización, os monxes regresan no ano 1929 e con eles o conxunto foi recobrando o brillo doutros tempos. O seu traballo de restauración mereceu o premio Europa Nostra en 1990.



TC

Reformas

www.tcreformas.com

Restaurante Amieiral (Alongos, Toén)

organiza



patrocinan



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

colaboran



PRÉFÈTE
DE LA RÉGION
CENTRE-VAL
DE LOIRE

Direction régionale
des affaires culturelles

*Liberté
Égalité
Fraternité*

“Este festival debe hacernos sentir orgullosos de la ciudadanía ourensana”.

La Región

“Un festival que ha vuelto a contar con una afluencia de público y una excelencia musical en los conciertos realmente sobresalientes”.

mundoclasico.com

“Tranquilamente, pero con creciente calidad, Ourense va consolidando su festival internacional de música”.

Revista Scherzo

“Un festival que está calando hondo en la ciudad de As Burgas y que ha logrado mejorar el ya alto nivel de ocupación de ediciones anteriores”.

El País

“O Festival “Pórtico do Paraíso” coloca a Ourense na rota dos festivais europeos”.

**Diário de Notícias,
Lisboa**

apoian



agradecementos



Teatro Principal
de Ourense



El Liceo de Ourense



Mosteiro de Oseira



Colegio Santo Ángel
Calasancias Ourense

HISTÓRICO Nestes anos de festival, pasaron por Ourense grandes intérpretes. Na seguinte relación non están todos, pero é unha boa mostra do que levamos feito dende os nosos inicios, alá polo 2008.

Solistas vocais

Raquel Andueza
Marco Beasley
Robin Blaze
Emma Kirkby
Pino de Vittorio

Solistas instrumentais

Iñaki Alberdi, acordeón
Alison Balsom, trompeta
Raúl da Costa, piano
Céline Frisch, clavecín
Andrew Lawrence King, arpa
Alexander Melnikov, piano
Carlos Núñez, gaita
Kyuhee Park, guitarra
Paul O'Dette, laúde
Antonio Serrano, harmónica

Hopkinson Smith, guitarra barroca
Pieter Wispelwey, cello
Andrew York, guitarra
Mika Vayrinen, acordeón

Solistas vocais e instrumentais

Brigitte Lesne
Arianna Savall

Conxuntos vocais

Amarcord
Apollo 5
Diabolus in musica
Discantus
Les Eléments
Odhecaton
Orlando Consort
Tallis Scholars

Conxuntos instrumentais

Calefax Reed Quintet
Katona Twins Guitar Duo
Kosmos Ensemble
Spanish Brass Luur Metalls
Vienna Clarinet Connection

Conxuntos vocais e instrumentais

Accademia del Piacere
Alla Francesca
Capilla Flamenca
Ensemble Jaccques Moderne
Florilegium
His Majestys Sagbutts and Cornetts
La Reverdie
Resonet
The Harp Consort

fest clásica

INFORMACIÓN
info@porticodoparaiso.com
www.porticodoparaiso.com

ORGANIZA
Asociación Pórtico Musical

PATROCINAN
Deputación de Ourense
Axencia Galega das Industrias Culturais

COLABORAN
Clínica dental Parracia
Préfète de région Centre-Val de Loire

APOIAN
Bodegas Joaquín Rebolledo, Musical González, Federópticos Óptica Moderna,
e-drive Autoescuela, odaiko, TC Reformas, Concello de Cea, Concello de Castro Caldelas

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN
Conchi da Silva

ENDEREZO
Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso
APDO. 1219 • 32080 OURENSE

Pórtico do Paraíso

XVII Festival Internacional de Música

do **3** ao **12** de maio de **2024**

www.porticodoparaiso.com

organiza



patrocina



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

colaboran



Direction régionale
des affaires culturelles